| - e o respecto cara ao medio ambiente.<br>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria e o respecto cara ao medio ambiente.<br>- Normas de uso de cada espazo.A seguridade nas redes.<br>- A linguaxe científica: manexo adecuado de distintos sistemas de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas adecuadas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.<br>- Estratexias de interpretación e produción de información científica en diferentes formatos e a partir de diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.<br>- Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.<br>- A cultura científica: o papel dos científicos e das científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química no avance e na mellora da sociedade.<br>- A enerxía: formulación e comprobación de hipóteses sobre as distintas formas de enerxía e aplicacións a partir das súas propiedades e do principio de conservación, como base para a experimentación e a resolución de problemas relacionados coa enerxía mecánica en situacións cotiás.<br>- Transferencias de enerxía: o traballo e a calor como formas de transferencia de enerxía entre sistemas relacionados coas forzas ou a diferenza de temperatura. A luz e o son como ondas que transfiren enerxía.<br>- A enerxía no noso mundo: estimación da enerxía consumida na vida cotiá mediante a procura de información contrastada, a experimentación e o razoamento científico, comprendendo a importancia da enerxía na sociedade, a súa produción e o seu uso responsable. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | Fluídos | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4.1. - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso correcto de varios sistemas de unidades, as ferramentas matemáticas necesarias e as regras de nomenclatura avanzadas, así como as ferramentas matemáticas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. | Resolve, usando as leis e teorías adecuadas , problemas de índole fisicoquímico e expresa | PE | 80 |
| CA1.4.2. - Utilizar adecuadamente as regras de nomenclatura, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. | Utilizar adecuadamente as regras de nomenclatura | | |
| CA4.2.1. - Resolver os problemas fisicoquímicos expostos con relación ao movemento mediante as leis e teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión. | Resolver os problemas fisicoquímicos expostos con relación ao movemento | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2.2. - Resolver os problemas fisicoquímicos expostos con relación ás forzas e aos seus efectos mediante as leis e teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión. | Resolver os problemas fisicoquímicos expostos con relación ás forzas e aos seus efectos | | |
| CA4.3.1. - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos a partir de situacións expostas a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica. | identificación e descrición de fenómenos con relación ao movemento | | |
| CA4.3.2. - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos a partir de situacións observadas no mundo natural | Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos | | |
| CA4.4 - Aplicar as leis e teorías científicas máis importantes relacionadas co movemento, coas forzas e cos seus efectos para validar hipóteses de maneira informada e coherente co coñecemento científico existente, deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas e analizando os resultados criticamente. | Aplicar as leis e teorías científicas máis importantes relacionadas co movemento | | |
| CA4.5 - Emprender, de forma autónoma e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos relacionados co movemento, coas forzas e cos seus efectos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo. | Emprender, de forma autónoma e de acordo coa metodoloxía adecuada | | |
| CA1.1 - Recoñecer e describir situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas colaborativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade e no medio ambiente. | Recoñece e describe situacións problemáticas reais de índole científico e participa, de xeito guiado, en iniciativas colaborativa para contribuir a súa solución. Asociado ao contido C1.1. | TI | 20 |
| CA1.2 - Predicir, para as cuestións expostas, respostas que se poidan comprobar coas ferramentas e coñecementos adquiridos, tanto de forma experimental coma dedutiva, aplicando o razoamento lóxico-matemático no seu proceso de validación. | Observa, formula hipótesis e aplica a experimentación e indagación na búsqueda de evidencias para comprobalas e predicir posibles respostas. Asociado ao contido C1.1. | | |
| CA1.3 - Empregar fontes variadas fiables e seguras para seleccionar, interpretar, organizar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada unha delas contén, extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema e refugando todo o que sexa irrelevante. | Ante un proceso fisicoquímico concreto, é quen de consultar e seleccionar , en fontes fiables, información relevante para a súa resolución . Asociado ao contido C1. 5. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Aplicar con rigor as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións. | Segue as instruccións do profesorado no uso dos diferentes espazos. Asociado aos contidos C1.2.1 e C1.3.1. | | |
| CA1.6 - Utilizar de forma eficiente recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, de forma rigorosa e respectuosa e analizando criticamente as achegas de cada participante. | Manexa libros de texto e diferentes plataformas dixitais( como poden ser as aulas virtuais, edixgal..) para o seu aprendizaxe tanto de forma autónoma coma en equipo. Asociado aos contidos C1.2.2, C1.3.2 e C1.5 | | |
| CA1.7 - Traballar de forma versátil con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando e empregando con criterio as fontes e as ferramentas máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva. | Utiliza fontes fiables para a consulta e selección de información, creando contidos co uso de libros de texto e navegadores de internet. Asociado ao contido C1.5 | | |
| CA1.8 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación e iniciando o uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia. | Dun xeito guiado, participa activamente en proxectos de aprendizaxe. | | |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por mulleres e homes, así como de situacións e contextos actuais (liñas de investigación, institucións científicas etc.), que a ciencia é un proceso en permanente construción e que esta ten repercusións e implicacións importantes sobre a sociedade. | Coñece algúns dos feitos mais relevantes na ciencia e valora a súa repercusión no avance da sociedade. Asociado aos contidos C1.6 e C1.7. | | |
| CA4.1.1. - Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relcionados co movemento e explícaos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | explícaos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, | | |
| CA4.1.2. - Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coas forzas e cos seus efectos e explícaos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | explícaos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas | | |
| CA1.4 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso correcto de varios sistemas de unidades, as ferramentas matemáticas necesarias e as regras de nomenclatura avanzadas, así como as ferramentas matemáticas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. | | Baleiro | 0 |
| CA4.1 - Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados co movemento, coas forzas e cos seus efectos, explicalos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos expostos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos mediante as leis e teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión. | | | |
| CA4.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos a partir de situacións tanto observadas no mundo natural coma expostas a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e o tratamento do erro mediante a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións que vaian máis alá das condicións experimentais para aplicalas a novos escenarios.<br>- Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica, como os laboratorios ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.<br>- Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica.Os laboratorios:materiais e substancias<br>- Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica.As contornas virtuais:ferramentas tecnolóxicas.<br>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente.<br>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria e o respecto cara ao medio ambiente.<br>- Normas de uso de cada espazo.A seguridade nas redes.<br>- A linguaxe científica: manexo adecuado de distintos sistemas de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas adecuadas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.<br>- Estratexias de interpretación e produción de información científica en diferentes formatos e a partir de diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.<br>- Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.<br>- A cultura científica: o papel dos científicos e das científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química no avance e na mellora da sociedade.<br>- Predición e comprobación, utilizando a experimentación e o razoamento lóxico-matemático, utilizando ecuacións e gráficas da variación das principais magnitudes que describen o movemento dun corpo, relacionándoo con situacións cotiás e coa mellora da calidade de vida.<br>- A forza como axente de cambios nos corpos: principio fundamental da física que se aplica a outros campos como o deseño, o deporte ou a enxeñería.<br>- Carácter vectorial das forzas: uso da álxebra vectorial básica para a realización gráfica e numérica de operacións con forzas e a súa aplicación á resolución de problemas relacionados con sistemas sometidos a conxuntos de forzas, valorando a súa importancia en situacións cotiás.<br>- Principais forzas da contorna cotiá, recoñecemento do peso, a normal, o rozamento, a tensión ou o empuxe e o seu uso na explicación de fenómenos físicos en distintos escenarios. |

| Contidos |
|---|
| - Forzas e presión nos fluídos: efectos das forzas e da presión sobre os líquidos e os gases, estudando os principios fundamentais que as describen. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Acorde coas liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe recollidas no decreto que desenvolve o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, porase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades e no uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.
A metodoloxía aplicada ha de orbitar en torno ao principio da aprendizaxe significativa e construtiva. Isto implica que os alumnos e alumnas han de ser progresivamente autónomos para aprenderen por si mesmos, conectando os novos coñecementos con aqueles que xa posúen.
Para alén destes dous principios de carácter xeral, a metodoloxía aplicada ha de estimular o traballo colaborativo e en equipo, a potenciación das técnicas de indagación e investigación e a aplicación dos contidos aprendidos na aula a situacións da vida real.
En relación co anterior, a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ha de constituír un aspecto transversal e vertebrador á hora de procurar, contrastar, analizar, intercambiar información e expor ideas e traballos con claridade e concisión.
Igualmente, fomentarase a interdisciplinariedade, establecendo relacións entre os contidos traballados na nosa materia con outros contidos afíns ou comúns a outras materias. Ademais, a aplicación da atención á diversidade como principio metodolóxico permitirá adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás capacidades, necesidades, intereses e motivacións do alumnado do grupo.
Terase presente en todo momento que a Física e a Química son disciplinas cun carácter intrinsecamente experimental, de forma que as teorías e modelos han ser contrastados empiricamente na medida do posible.
Por último, o docente coidará que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se desenvolva nun ambiente positivo, activo, respectuoso e estimulante para os alumnos e para o profesor (pedagoxía do optimismo).
Estratexias didácticas
Para implementar os principios pedagóxicos que acabamos de establecer, levaranse a cabo, en cada unidade didáctica, diversos tipos de actividades que procedemos a indicar a seguir.
- Actividades de detección de coñecementos previos. Por exemplo, exercicios de ¿tormenta de ideas¿ (brainstorming) ou casos prácticos que permitan avaliar as ideas previas que o alumnado posúe sobre o tema.
- Actividades de introdución-motivación. Entre elas destacaremos o plantexamento de problemas abertos e realistas relacionados coa unidade. Estas tarefas teñen como finalidade espertar o interese do alumnado polo tema e desenvolver a súa capacidade de formular hipóteses razoadas.
- Actividades de desenvolvemento ou actividades expositivo- procedementais. Forman parte deste tipo de actividades a resolución de problemas e exercicios numéricos ou a discusión de cuestións breves.
- Actividades de laboratorio, experimentos sinxelos realizados na aula e experimentos virtuais na web.
- Actividades de reforzo e ampliación, como mecanismo para dar resposta á diversidade existente na aula. Entre as actividades de ampliación destacamos
a lectura voluntaria de libros de divulgación científica.
- Actividades informáticas ou de uso das TIC. Incluímos neste tipo de actividades aquelas relacionadas coa procura, selección e análise de información de carácter científico utilizando as TIC e outras fontes de información como prensa escrita, libros, revistas científicas, radio ou televisión.
- Actividades de avaliación do grao de consecución dos obxectivos didácticos.
- Actividades globalizadoras. Ao comezo e ao final de cada Unidade Didáctica, o profesor poderá amosar os contidos do tema, organizados en forma de mapa conceptual, nunha presentación. Isto facilitará unha visión de conxunto dos contidos e a conexión significativa das aprendizaxes.
Finalmente, terase en conta:
- Nalgúns aspectos da área, nomeadamente naqueles que usan con frecuencia procesos de método científico, o traballo en grupo colaborativo aporta, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e profundizar en contidos de carácter transversal.
- Cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; por isto, enriquecer

as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a perspectiva da teoría das intelixencias múltiples de Gardner (intelixencia lingüística, intelixencia lóxico-matemática, intelixencia espacial, intelixencia musical, intelixencia corporal, intelixencia intrapersoal, intelixencia interpersoal e intelixencia
naturalista) facilita que todos os alumnos e alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.
- Na área de Física e Química é indispensable a vinculación a contextos reais, ben como xerar osibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para isto, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, o que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.
- Na medida do posible, e de acordo cos enfoques pedagóxicos predominantes nos países con mellores resultados nas avaliacións externas dos seus sistemas educativos, trataremos de priorizar o desenvolvemento de capacidades e competencias por parte dos alumnos e alumnas fronte ao tradicional enfoque centrado na mera adquisición de contidos. Para implementar esta idea na práctica, pode resultar de grande utilidade aplicar na aula as técnicas de aprendizaxe baseado en proxectos (ABP) ou project-based learning (PBL), en inglés.
O traballo por proxectos (Proxecto: Congreso científico) é un exemplo de metodoloxía que lle axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento, favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un aplica, de forma activa, os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais, favorecendo unha aprendizaxe orientada á acción cun importante carácter interdisciplinar na que as e os estudantes conxugan coñecementos, habilidades e actitudes para levar a bo fin o proxecto proposto.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos: Aula, aula virtual, laboratorio equipado, ordenadores, teléfonos móbiles, recursos audiovisuais, recursos informáticos e todo tipo de recursos de papelería, láminas, carteis... |
| Materiais: Libro de texto/apuntamentos, vídeos e textos elaborados polo profesorado e/ou alumnado, presentacións audiovisuais, material dixital seleccionado, material de laboratorio adecuado ás prácticas deseñadas, modelos moleculares... |

Os materiais e recursos didácticos han de ser o máis variados posible, de forma que
permitan manter a atención do alumnado e contribuír ao desenvolvemento de diferentes
destrezas e capacidades. A maioría do material e dos recursos descritos non precisan descrición. Indicar que estarán ao servizo da aprendizaxe de todo o alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:
- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 3ºESO).
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 3º ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.
En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 |
| Proba escrita | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 |
| Táboa de indicadores | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 |

| Unidade didáctica | Total |
|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 100 |
| Proba escrita | 80 |
| Táboa de indicadores | 20 |

**Criterios de cualificación:**

Nota avaliación:
- 80% probas escritas.
- Haberá varios exames parciais en cada avaliación, independentes entre eles sobre os contidos traballados.
- A nota trimestral das probas escritas será a media das notas dos parciais.
- Se o alumno/a falta a un exame, terá dereito a repetilo o día da súa incorporación aportando a xustificación correspondente. De tratarse dunha falta prevista, deberá avisar con antelación.
- Copiar nun exame suporá a retirada do mesmo e a cualificación cun 0.
- 20% Traballo.
- Deberes, controis, informes das prácticas e traballos entregados: 8%
- Participación construtiva no desenvolvemento das sesións, e respostas ás preguntas propostas na aula: 2%
- Proxecto de investigación: o alumnado deberá realizar en grupos un proxecto de investigación ao longo do curso e que será avaliado en cada unha das avaliacións. Este proxecto presentarase no III Congreso Científico que terá lugar na terceira avaliación.: 10%

Para os traballos e actividades encomendadas ao alumnado establecerase un prazo de tempo suficiente para a súa realización. Despois da data fixada como límite non se recollerá ningún traballo.
As tarefas e traballos entregados que conteñan partes claramente copiadas de internet ou doutras fontes, ou que presenten coincidencias manifestas cos traballos doutros compañeiros/as serán directamente cualificados cun cero para todas as persoas involucradas.
A nota numérica reflexada no boletín en cada avaliación calcularase por truncamento, é dicir, corresponderase co enteiro inferior máis próximo á nota exacta obtida polo alumno ou alumna: se a nota trimestral exacta é un 4.85, no boletín aparecerá un 4.
A avaliación queda aprobada cunha nota igual ou superior a 5.
Nota final:
- Na avaliación final de curso a nota reflectida no boletín será a nota media das notas exactas de cada avaliación. A partir de 0,6 redondearase ao enteiro superior: é dicir, se a media de xuño é un 6.75, no boletín aparecerá un 7

**Criterios de recuperación:**

Recuperacións das avaliacións

• Poderanse presentar aos exames de recuperación da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións aqueles alumnos/as que non superasen a correspondente avaliación. Nestas probas, o alumnado examinarase de toda a materia da avaliación suspensa.

A nota das probas de recuperación terán o mesmo trato cás das avaliacions, é dicir, o 80% da porba de recuperación mais o 10% do traballo e o 10% do congreso científico desa avaliación

Recuperacións final de curso

• No período do 11/6 ao 21/6, o alumnado terá a posibilidade de recuperar toda a materia ou as avaliacións suspensas. A tal efecto proporanse actividades de reforzo para preparar ditas probas.

• O alumnado que aprobara a materia por avaliacións, neste período deberá realizar actividades de ampliación, traballos ou probas que poderán subir a nota final ata 1 punto.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Nun mesmo grupo, os nosos alumnos e alumnas poden proceder de contextos socioculturais variados, presentando niveis de competencia curricular moi diversos e mostrando diferentes motivacións, intereses e graos de desenvolvemento psicoevolutivo. A educación ha de ter, polo tanto, unha finalidade integradora, recoñecendo a diversidade do alumnado e dando resposta a esta diversidade mediante a adopción de diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe en función do perfil de cada alumno.

Deste modo, a flexibilidade á hora de modificar e adaptar os plantexamentos didácticos en función das necesidades específicas de cada alumno e do grupo redundará, sen lugar a dúbidas, nun maior grao de consecución dos obxectivos didácticos plantexados e unha maior satisfacción global dos axentes educativos.

De darse a situación de que, ao longo do curso, detectemos no noso grupo outros alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, actuarase de forma coordinada co Departamento de Orientación, promovéndose medidas de reforzo individualizadas e atendendo en todo momento aos tres principios seguintes: integración, normalización no trato e individualización na ensinanza.

Como norma xeral, á hora de plantexar as medidas de atención á diversidade e inclusión teremos que recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas en relación a:

- O número de alumnos e alumnas do grupo.
- O funcionamento do grupo (ambiente na aula, disciplina, nivel de atención, comportamento, etc.).
- Fortalezas e carencias que se identifican no grupo en relación ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- Necesidades específicas que se teñan podido detectar.
- Aspectos a ter en conta á hora de agrupar os alumnos e alumnas para os traballos cooperativos.
- Tipos de recursos didácticos que se precisan adaptar.

Necesidades individuais

As diferentes tarefas e actividades realizadas na aula, entre as que destacan as actividades de avaliación inicial, proporciónannos unha valiosa información sobre a dinámica do grupo e sobre diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir desta información, froito da observación detallada na aula, poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que precisan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
- Determinar as medidas organizativas oportunas: planificación de reforzos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual, etc.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos didácticos axeitados.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe e, en particular, co seu titor ou titora.

Fóra da aula, o centro conta cunha aula de convivencia para atender durante o recreo a aqueles alumnos/as cunha conduta disruptiva durante as clases.

1.- Alumnado con altas capacidades Segundo o establecido na Orde de 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos/as con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, un alumno poderá ser adiantado un ano durante a etapa de secundaria. A sobredotación intelectual dun alumno ou alumna deberá ser acreditada mediante a avaliación psicopedagóxica correspondente. Nela deberase prever que a medida de flexibilización do período de escolarización é adecuada para o desenvolvemento do equilibrio persoal e da socialización do alumno ou alumna.

2.- Alumnado con necesidades educativas significativas Cando as dificultades son xerais e permanentes levaranse a cabo adaptacións curriculares significativas en colaboración co Departamento de Orientación do IES, quedando constancia de cada unha delas. Enténdense por adaptacións curriculares significativas aquelas que consisten na eliminación de contidos esenciais ou obxectivos xerais, coa conseguinte modificación dos respectivos criterios de avaliación. Cando o Departamento teña diagnosticado alumnado con necesidades educativas especiais, o profesorado encargado da docencia neses grupos establecerá as adaptacións curriculares máis adecuadas ás súas peculiaridades e características. Existe un modelo para as adaptacións curriculares que o profesor ou profesora adaptará a cada alumno ou alumna en concreto. Nese modelo estableceranse para cada alumno, dun xeito xeral:

- Os antecedentes sociais, persoais e académicos do alumno.
- Os recursos persoais e materiais con que se conta.
- Os obxectivos a conseguir
- Os contidos esixibles.
- A metodoloxía que se vai a empregar.
- As posibles adaptacións das actividades de aula.
- Os criterios de avaliación e criterios de cualificación que se van a aplicar.

3.- Plan de reforzo e recuperación O alumnado con dificultades de aprendizaxe disporá da posibilidade de incorporarse a un programa de reforzo naquelas materias nas que presente carencias. Cando un alumno ou alumna asista a un programa de reforzo nunha área determinada poderá quedar eximido da realización do programa específico personalizado nesa área. As actividades de reforzo consistirán nun plan de actuacións dirixido a que o alumno/a con dificultades poida incorporarse ao desenvolvemento normal da clase.
As principais dificultades de aprendizaxe que atopamos no alumnado de secundaria e bacharelato son:
• Conceptos previos errados ou mal asentados.
• Erros nos cálculos matemáticos.
• Dificultades á hora de comprender os enunciados das tarefas propostas.
• Dificultades xerais na adquisición de novos conceptos.
Para superar estas dificultades, proporanse diversas actividades que deberán dar resposta ás necesidades específicas de cada alumno/a e deberán estar orientadas a superar de xeito efectivo as carencias observadas. Este plan inclúe os seguintes puntos:
• Detección de carencias e necesidades:
- Coordinación dentro do departamento: a través das memorias do curso pasado e da información que cada profesor da materia comparte co profesor ou profesora do curso actual.
- Proba de avaliación inicial: nos primeiros días do curso realizarase unha proba de avaliación inicial baseada nos coñecementos que o alumnado debera ter adquirido ao longo dos cursos anteriores e, en particular, durante o curso pasado. Nesta proba, cuxo obxectivo é a valoración do nivel académico do alumnado para o correcto desenvolvemento da materia, poderán incluírse tanto preguntas teóricas como cuestións de razoamento e problemas de resolución ou exercicios prácticos.
- Avaliacións iniciais: Durante o mes de outubro realizaranse as avaliacións iniciais do alumnado, nas que se comparte información entre os/as profesores/as do grupo, titores/as e departamento de orientación.
• Axustes nas programacións Darase prioridade á adquisición por parte do alumnado dos contidos imprescindibles.
• Medidas metodolóxicas e organizativas: Utilización de Edixgal para pendurar material de reforzo variado segundo as necesidades do alumnado e fomentar a auto-aprendizaxe.
4.- Aula de convivencia Segundo se establece nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro, o IES Antón Alonso Ríos dispón dunha aula de convivencia coa función prevista no Artigo 25 do DECRETO 8/2015. O profesorado do centro e, en concreto, o profesorado do departamento de Física e Química poderá facer uso deste espazo cando a situación o aconselle, atendendo sempre ao disposto nas NOF ao respecto.
En particular, teranse en conta as condicións que debe reunir un alumno ou alumna para facer uso da aula de convivencia:
• Alumnado que deba cumprir unha sanción durante o recreo. Este alumnado deberá levar tarefas propostas polo profesor ou profesora que pon a falta.
• Alumnado ao que se lle impoña unha falta grave e que, en opinión do profesor/a que pon a falta e do cargo directivo que estea de garda, non deba reincorporarse á aula durante esa hora. Neste caso, o alumno/a deberá levar traballo proposto polo profesor/a que pon a falta.
• Alumnado ao que se lle poña como corrección de unha falta grave a perda do dereito de asistencia a determinadas materias

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - 1.Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - 2.A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (enerxía, procesos químicos, etc.), así como en pequenos debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA3.3, CA 5.3 | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións del mesmo utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só se fomentaría o uso pasivo do vídeo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.. | X | | | | | X | | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, produción de informes ou presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas sobre formulación e similares. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.6 e CA1.7 . | X | | X | | | X | | X |
| ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.2 e CA1.8. | X | | | | | | | |
| ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1. | X | | X | | | X | | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos... Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.8 | X | | X | | | X | | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interacciones coeducativas en consonancia co criterio de avaliación CA1.8. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo no CA1.9 | X | | X | | | X | | X |
| ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento. | X | | X | | | X | | X |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|
| ET.1 - 1.Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7. | X | X |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|
| ET.2 - 2.A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (enerxía, procesos químicos, etc.), así como en pequenos debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA3.3, CA 5.3 | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións del mesmo utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só se fomentaría o uso pasivo do vídeo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.. | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, produción de informes ou presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas sobre formulación e similares. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.6 e CA1.7 . | X | X |
| ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.2 e CA1.8. | | |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|
| ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e traballase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1. | X | |
| ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos... Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.8 | X | |
| ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interacciones coeducativas en consonancia co criterio de avaliación CA1.8. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo no CA1.9 | X | |
| ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento. | X | |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Charlas divulgativas de carácter científico | Organizar sesiones informativas para o alumnado con relatores dedicados a actividades científicas que poidan servir como inspiración vocacional. | | X | |
| Olimpíada de Ciencias: UVigo (F&Q, BX) | Actividades cientificas para estudantes de secundaria da UVigo | | | X |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1.-Adecuación e desenvolvemento da programación didáctica. Usando como indicador de logro a lista de control que se ve na caixa de descrició |
| Metodoloxía empregada |
| 2.--Aprendizaxes acadadas polo alumnado e procedementos de avaliación. Usando como indicador de logro a enquisa ao alumnado e a lista de control que se ve na caixa de descrición |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 3.-Organización da aula para executar as programacións. Usando como indicador de logro a lista de control que se ve na caixa de descrición |
| -Aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e na contorna para desenvolver as programacións. Usando como indicador de logro a lista de control que se ve na caixa de descrición |
| Medidas de atención á diversidade |
| 5.--As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a lista de control que se ve na caixa de descrición |
| Clima de traballo na aula |
| 6.--Clima de traballo na aula, respecto cara ao profesorado e disposición a traballar na aula. Usando como indicador de logro a lista de control que se ve na caixa de descrición |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 7.--Coordinación do profesorado. Usando como indicador de logro a lista de control que se ve na caixa de descrición |

**Descrición:**

1. Lista de control "Adecuación e desenvolvemento da programación didáctica"
Esta lista de control ten 4 posibles puntuacións: 0 (non), 1 (parcialmente), 2 (maioritariamente), 3 (si) ITEMS:
• Na práctica, a programación axeitase ao nivel do alumnado
• Na práctica. a temporalización da programación facilita as aprendizaxes
• Na práctica desenvólvese a programación coa planificación temporal contemplada
• Na práctica cúbrese totalmente o currículo da materia
2.A. Lista de control "Metodoloxía empregada"
Esta lista de control ten 4 posibles puntuacións: 0 (non), 1 (parcialmente), 2 (maioritariamente), 3 (si) ITEMS:

• Varío entre traballo individual, por parellas e grupos
• Varío entre actividades abertas e pechadas
• Utilizo ferramentas TIC
• Facilito a aprendizaxe autónoma e significativa
• Acompaño as miñas explicacións con material didáctico para o alumnado (presentacións...)
• Avalío habitualmente ao alumnado e dou feedback para que aprendan sobre os seus erros
• Realizo actividades que teñan unha compoñente motivadora
2.B. Enquisa sobre a metodoloxía para o alumnado
A enquisa ten forma de lista de control e ten 4 posibles puntuacións: 0 (en desacordo), 1 (parcialmente de acordo), 2 (maioritariamente de acordo), 3 (totalmente de acordo)
ITEMS:
• Achas que o profesor/a domina a fondo a materia?
• Explica de forma clara e sistemática?
• Resultan amenas e variadas as clases?
• Organiza e controla correctamente a clase?
• Comeza as clases con puntualidade?
• Utiliza os recursos didácticos axeitados?
• Manifesta sempre unha actitud respectuosa e receptiva?
• Atende correctamente as consultas e suxestións?
• Sabe motivar ao alumnado?
• Fomenta e facilita a participación dos alumnos/as?
• É xusto no sistema de evaluación?
• Impartíronse todas as unidades previstas para o curso?
3. Lista de control "Organización da aula"
Esta lista de control ten 4 posibles puntuacións: 0 (non), 1 (parcialmente), 2 (maioritariamente), 3 (si) ITEMS:
• Todo o alumnado pode participar en calquera actividade sen atopar dificultades físicas?
• Todo o alumnado pode coller e manipular obxectos comodamente (uso de material escolar, informático, etc.)?
• Todo o alumnado pode participar nas actividades na clase ou ter o material necesario sen que llo impidan problemas económicos?
• As actividades deséñanse para que o alumnado con problemas de saúde poida participar?
• Todo o alumnado pode acceder sen dificultades, a través dos sentidos, á información necesaria para realizar actividades, manipular obxectos e desprazarse polas contornas?
• No caso de que algún alumno ou alumna teña problemas de hipoacusia, cegueira, baixa visión, daltonismo, hipersensibilidades sensoriais, tipo táctil..., téñense en conta as súas necesidades no deseño de actividades na aula?
• O alumnado entende as actividades, comprende o que pasa na aula e sabe utilizar os materiais necesarios para realizar esas actividades?
• O deseño e contido da actividade trata de eliminar calquera posible prexuízo, parcialidade ou trato inxusto?
• O alumnado sabe o que vai facer e o que se lle vai a pedir?
• O tempo/horario e as actividades a realizar están visibles?
• Os materiais e o contido da actividade teñen en conta a perspectiva de xénero? E as diferenzas culturais?
• Todo o alumnado sabe atopar e gardar o material no seu sitio?
• No caso de que algún alumno ou alumna requira algún apoio ou axuda específica para a comunicación, tense en conta no deseño das actividades?
• Todo o alumnado pode comunicarse na clase sen ningún problema ocasionado por descoñecemento das linguas vehiculares?
• O alumnado síntese capaz de realizar as actividades que se propoñen na clase?
• No caso de ter algún alumno ou alumna con historia de fracaso escolar, téñense en conta as súas necesidades no deseño das actividades de aula?
• No caso de que algún alumno ou alumna estea vivindo unha situación que poida supor unha barreira emocional para a aprendizaxe, tense en conta a súa situación no desenvolvemento das actividades de aula?
• Se chega alguén novo ao grupo, cóntase cun protocolo de acollida?
• Todo o alumnado coñece as normas de convivencia na aula?
• Hai procedementos de resolución de conflitos?
• Cóntase con espazos e actividades periódicas que permitan a participación de todo o alumnado?
4. Lista de control "Aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro e na contorna para desenvolver as programacións"
Esta lista de control ten 4 posibles puntuacións: 0 (en desacordo), 1 (parcialmente de acordo), 2 (maioritariamente de acordo), 3 (totalmente de acordo)
ITEMS:

• Utilízase o aula virtual?
• Utilízase a biblioteca?
• Utilízanse os laboratorios?
• No caso de que existan, partícipase nos proxectos de internacionalización do centro?
• Partícipase nos proxectos formativos do centro?
• Colabórase co club de ciencias, de lectura ou similares?
• Partícipase en actividades en colaboración co concello (educación viaria, biblioteca municipal, actividades culturais...) ou con outras institucións do contorno?
5. Lista de control "Medidas de atención á diversidade"
Esta lista de control ten 4 posibles puntuacións: 0 (non), 1 (parcialmente), 2 (maioritariamente), 3 (si)
ITEMS:
• Teño en conta a diversidade cultural e de identidade de xénero no deseño das actividades da aula
• Teño en conta os distintos ritmos de aprendizaxe no deseño das actividades da aula
• Teño en conta ao alumnado NEAE no deseño das actividades na aula
• Aplico os protocolos da Xunta para a atención de alumnado con NEAE no deseño das actividades na aula
• Aplico os protocolos da Xunta á hora de realizar as probas de avaliación a alumnado con NEAE
6. Lista de control "Clima de traballo na aula"
Esta lista de control ten 4 posibles puntuacións: 0 (en desacordo), 1 (parcialmente de acordo), 2 (maioritariamente de acordo), 3 (totalmente de acordo)
ITEMS: • Existe un ambiente de estudo na aula
• Non se dan conflitos entre os estudantes
• O alumnado séntese motivado cara a materia
• Existe unha relación de respecto mutuo entre profesor/a e alumno/a
7. Lista de control "Coordinación do profesorado" Esta lista de control ten 4 posibles puntuacións: 0 (en desacordo), 1 (parcialmente de acordo), 2 (maioritariamente de acordo), 3 (totalmente de acordo)
ITEMS:
• Existe coordinación entre os distintos profesores da mesma materia no nivel
• Deséñanse tarefas interdisciplinarias
• Analízase e chégase a acordos sobre a forma de avaliar criterios de avaliación que sexan comúns a diferentes materias • Analízase e chégase a acordos sobre a forma de tratar os elementos transversais
• Hai outro tipo de acordos entre o profesorado dos cursos e lévanse a cabo

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica do departamento será obxecto de revisión, avaliación e, de ser o caso, modificación, en dous ámbitos complementares:
- Nas xuntanzas preceptivas de departamento, nas que se fará un seguimento do cumprimento da programación e se tomará nota das propostas para o seu mellor aproveitamento e para a súa mellora
- Na memoria final de curso, na cal de suxerírense cambios que acepte todo o Departamento, deberán ser trasladados á programación do curso seguinte.
Os indicadores a avaliar son os seguintes:
1. Desenvolvemento en clase da programación.
2. Relación entre obxectivos e contidos.
3. Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
4. Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais. Para facilitar o proceso de avaliación da programación didáctica, que deberá levarse a cabo tanto individualmente (por parte de cada profesor ou profesora) como a nivel de departamento, utilizaranse os resultados obtidos nos diferentes instrumentos de avaliación que engloban o apartado anterior desta programación (8.1 Avaliación proceso do ensino e práctica docente)

## 9. Outros apartados